

## PROGRAMA ELECTORAL PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

O carácter obrigatorio e universal da escolarización da **Educación Secundaria Obrigatoria** os dezaséis anos pretende ofrecer unha resposta pedagóxica e didáctica adecuada ao alumnado con motivacións, intereses e actitudes diversas; persegue o obxectivo de loitar contra o fracaso escolar e o abandono temperá que é un dos problemas máis acuciantes do noso sistema educativo.

Ao ser unha etapa obrigatoria, todo o alumnado debe ter as mesmas opcións e evitar a segregación temperá. A ESO debe proporcionar unha única titulación e unha adecuada atención á diversidade. É prioritario que os centros dispoñan dos instrumentos e recursos necesarios para poder abordar as dificultades de aprendizaxe detectadas entre o alumnado, así como unha adecuada orientación académica e profesional.

O **Bacharelato** encamiña o alumnado ben cara a estudos universitarios, cara a formación profesional superior ou directamente cara ao mundo laboral. Por iso, habería que dar unha maior flexibilidade aos estudos nesta etapa e reforzar o papel dos departamentos de orientación e das titorías.

UGT segue reivindicando a necesidade dunha formación integral que evite unha especialización excesiva e valore as disciplinas humanísticas.

### UGT esixe as seguintes medidas para estas etapas:

- Redución da xornada a 18 horas lectivas.
- Redución de tarefas burocráticas que sobrecargan o labor docente.
- Redución de 3 horas lectivas por Xefe de Departamento.
- Consideración como tempo lectivo, o dedicado á titoría do alumnado de Secundaria e Bacharelato
- Aumento da plantilla para facilitar o desdoblamento e apoios.
- Descenso da rateo alumno-profesor en ESO e Bacharelato a 25 alumnos.
- Flexibilidade no número mínimo de alumnos necesarios para ofertar materias de modalidade e optativas en Bacharelato.
- Aumento do número de orientadores en función do número de alumnos e das súas necesidades educativas especiais

- Establecemento de titorías específicas para o alumnado que requira atención educativa especial.
- Retribucións de postos e funcións compartidas.
- Potenciar a formación específica do profesorado nesta etapa, durante o seu horario laboral.
- Concurso de traslados no que se inclúan todas as prazas dispoñibles (maior transparencia nas vacantes), e o compromiso de ofrecer destino definitivo como máximo despois de tres cursos en provisional.
- Suba salarial que permita recuperar a perda de poder adquisitivo sufrida polo profesorado. Fixar un incremento salarial anual en función do IPC.
- Recuperación das pagas extras íntegras.
- Incremento das reducións horarias para os membros dos equipos directivos.
- Incremento salarial nos complementos por cargos no equipo directivo.
- Fixar un modelo de xubilación anticipada no noso sector.
- Incremento de apoios ao alumnado con NEAE
- Regulación das materias afíns.
- Convocatorias de oposicións regulares en todas as especialidades.
- Servizo de enfermería escolar nos centros educativos.
- Mellora das axudas e coberturas de Muface para os docentes en activo e os xubilados.
- Cobertura de todas as baixas con independencia do tempo de duración.
- Cobertura das baixas dos membros dos equipos directivos e “redistribución do traballo” co correspondente complemento salarial.
- Dotación ao profesorado dun ordenador portatil persoal.
- Formación sistemática en linguas estranxeiras:
  - Aumento de prazas no programa PIALE, dada a importancia da mellora na competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado.
  - Convocar regularmente licenzas de formación para o perfeccionamiento en linguas estranxeiras no exterior.
  - Fomentar estadias en centros educativos doutros países.
- Incrementar a 22 semanas a duración do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla.
- Dereito a concursar o primeiro ano ao profesorado que participe no CXT dende o seu destino definitivo.

- Igualar como mínimo a dificultade no procedemento de adquisición doutras especialidades e o procedemento ao corpo de grupo superior nos corpos de educación secundaria e profesores de artes plásticas e deseño.
- Convocar de maneira regular o acceso a cátedras.
- Recoñecemento das sete aulas hospitalarias das áreas sanitarias de toda Galicia como posto de difícil desempeño, ademais do recoñecemento do complemento de persoal destinado nos EPAPUS e a consideración de responsables de centros de menos de tres unidades.
- Recuperar o inicio das clases a mediados de setembro.